



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE AVÍCOLA DE GALICIA S.A.U E O EXCMO. CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA A CABALGATA DE REIS 2018

Pontevedra, a 13 de decembro de 2017

### REUNIDOS

Dunha parte, Don Miguel Anxo Fernández Lores, con DNI nº [REDACTED] en nome e representación do Excmo. Concello de (en adiante Concello), con CIF: P-3603800-H e domicilio na rúa Michelena, 30, actuando en calidade de Alcalde, en virtude das atribucións que lle son outorgadas polo artigo 124 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, delegada a competencia segundo o decreto nº. 13004761, do 15 de maio de 2013.

Doutra parte, Don Gerardo Rodríguez Casariego, en calidade de Consexeiro Delegado, con DNI [REDACTED], en nome e representación de Avícola de Galicia S.A.U, con CIF. A36002236, e domicilio na C/ Barragáns nº34 36157 Campañó Pontevedra, recoñecendo ambos capacidade para subscribir o presente CONVENIO,

### MANIFESTAN

Que é intención do Excmo. Concello de Pontevedra a realización de eventos de carácter cultural e festas para o que é necesario a colaboración económica das empresas da cidade. Así mesmo é de interese da entidade Avícola de Galicia S.A.U o colaborar co Excmo. Concello no desenvolvemento das actividades previstas na celebración da Cabalgata de Reis 2018, mediante o aluguer dunha carroza participante na Cabalgata de Reis prevista para o día 5 de xaneiro de 2018.

O art. 88 da Lei 30/92, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento Administrativo Común establece que: as administracións públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao Ordenamiento Xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso preveña a disposición que o regule, podendo tales actos ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos ou insertarse nos mesmos con carácter previa, vinculante ou non á resolución que lles poña fin.

### CONVEÑEN

**PRIMEIRO.-** A entidade Avícola de Galicia S.A.U aportará a cantidade de 2.117,50 € iva engadido, en concepto de axuda en especie derivada das actividades realizadas polo Concello no desenvolvemento da Cabalgata de Reis 2018 A cantidade acordada aboarase, contra factura a nome de Avícola de Galicia S.A.U directamente á empresa determinada polo Concello de Pontevedra, denominada IÑAKI BECERRA, S.L., con CIF: B-20591798, para a prestación dun servizo para o aluguer de carrozas que participarán no desfile previsto para o día 5 de xaneiro de 2018 incluído dentro da programación de actos que a Concellería de Festas elaborou con motivo da Cabalgata de Reis 2018.

O Concello certificará que a factura da empresa citada corresponden á contraprestación deste Convenio.

**SEGUNDO.-** O Excmo. Concello de Pontevedra fará pública a colaboración da entidade Avícola de Galicia S.A.U a través da inserción da imaxe da súa marca nos elementos de difusión da Cabalgata de Reis, mediante a instalación dunha pancarta que exhibirá a carroza participante no desfile.

**TERCEIRO.-** O presente convenio terá carácter administrativo. As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución, en caso de discrepancia, serán resoltas por unha comisión mixta integrada por dous membros de cada unha das partes. No caso de que persista a discrepancia, esta será resolta polo Excmo. Sr. Alcalde, resolución que poñerá fin á vía administrativa e que poderá ser obxecto dos recursos correspondentes.

**CUARTO.-** Este convenio estará en vigor desde a data da súa firma ata o 6 de xaneiro de 2018.

Polo exposto asinan o presente acordo por triplicado exemplar, en proba de conformidade na data arriba expresada

Polo Concello de Pontevedra

Miguel A. Fernández Lores

Por Avícola de Galicia S.A.U.

AVICOLA DE GALICIA S.A.U.  
E.P.

Barragans, 14  
36157 CAMPANÓ (Pontevedra)  
Gerardo Rodríguez Casariego